

V CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN INSTALACIÓNS E ESPAZOS DEPORTIVOS

En Ourense, a 21 de setembro de 2017

REUNIDOS

Dona Marta Míguez Telle, Secretaria Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Sr. D., na súa condición de Presidente da Excm. Deputación Provincial de Ourense, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente Convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes e, en particular, a promoción e execución de infraestruturas de titularidade municipal mediante convenios de colaboración coas administracións locais.

O marco da lexislación básica de réxime local, establecida pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece a competencia xenérica dos concellos en,

entre outros ámbitos, os das actividades e instalacións deportivas (artigo 80.2 letra n), sinalando, a mesma norma, que é competencia propia da Deputación Provincial, entre outras, “coordinar os servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e adecuada de servizos públicos en todo o territorio da provincia (...)”: artigo 109.1 letra a).

Que en base e para o exercicio destas previsións e habilitacións legais, e continuando coa exitosa liña de actuación marcada polo I, II, III e IV Convenio de Cooperación asinados entre a Xunta de Galicia e as Deputacións Provinciais sobre instalacións deportivas subscritos, respectivamente para os períodos 1992-1994, 1994-1997, 1997-2001 e 2004-2006, as Administracións signatarias, conscientes da ineludible necesidade de continuar traballando para a mellora da práctica deportiva na provincia de Ourense, satisfacendo así a demanda social existente, acordan subscribir o presente Convenio que, en exercicio das competencias atribuídas a cada unha das partes, se suxeitará ás seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

É obxecto do presente Convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, Secretaría Xeral para o Deporte, e a Deputación Provincial de Ourense a fin de posibilitar as obras de construción e/ou reforma das instalacións deportivas que se determinan no Anexo I a este convenio e que se refiren o exercicio 2017 e 2018 sen perxuízo de que se poida ampliar dentro do período de vixencia deste convenio.

SEGUNDA.- Financiamento

Os investimentos necesarios para as obras de construción e/ou reforma das instalacións deportivas que se determinan no presente Convenio serán financiados pola Xunta de Galicia, Secretaría Xeral para o Deporte, e a Deputación Provincial de Ourense conforme ao seguinte procedemento:

- A Xunta de Galicia, con cargo aos orzamentos da Secretaría Xeral para o Deporte, aportará a cantidade que se indica con cargo a aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0- código de proxecto 2013 00039 dos seus orzamentos de gasto para os exercicios 2017 – 2018 condicionado a existencia crédito suficiente e adecuada.
 - Anualidade 2017: 400.000,00€
 - Anualidade 2018: 100.000,00€
- A Deputación Provincial de Ourense aportará a cantidade que se indica con cargo a aplicación orzamentaria 2017/166.11/650.03, incorporando o crédito consignado á anualidade 2018
 - Anualidade 2018: 527.658,57€

As aportacións económicas referidas veranse incrementadas polos importes que, no seu caso e para idénticas finalidades, aporten os concellos.

TERCEIRA.- Xustificación e pagamento das axudas

De acordo co artigo 8 do Decreto 193/2011, a Deputación Provincial de Ourense como administración contratante das obras estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa en cada anualidade integrada con carácter xeral pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011 e que incorporará en todo caso a certificación da intervención ou do órgano de teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En todo caso, na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

O artigo 63.1.dous do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, prevé a posibilidade de realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións obxecto do convenio os 400.000,00€ previstos para o ano 2017 tramitárase o seu pagamento no momento da sinatura do convenio e se xustificará antes do 31 de decembro de 2017.

Os 100.000,00€ previstos para o ano 2018 pagaranse unha vez examinada e conformada a xustificación do primeiro pago e aprobados e cargados os orzamentos para o ano 2018.

Este segundo pago xustificárase unha vez finalizadas as obras na súa totalidade.

CUARTA.- Administración contratante

As obras serán realizadas polo contratista que sexa seleccionado pola Deputación de Ourense, dando conta á Secretaría Xeral para o Deporte da elección, así como de calquera modificación do proxecto, prórrogas de prazos establecidos na adxudicación ou alteracións de calquera outros elementos básicos que configuren as actuacións.

En tódolos casos de contratación con terceiros, a Deputación de Ourense actuará con suxeición, tanto na tramitación do procedemento de contratación, como na execución do contrato administrativo, ao establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, atendendo tamén ao preceptuado no artigo 12 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno a Deputación de Ourense actuará con suxeición a esta no que se refire a obriga de subministrar a información que se lle requira so pena de aplicación da multa correspondente no caso de incumprimento.

As baixas que se poidan obter na adxudicación dos contratos de obra a executar no marco do presente pola administración contratante serán destinadas á financiación dos posibles excesos que se produzan na execución das obras (proxectos reformados, complementarios, ou no seu caso, excesos de medicións, liquidacións, se as houbera).

En ningún caso serán autorizados proxectos complementarios ou reformados para a inclusión de obras que deberan estar executadas polo concello solicitante da adhesión nunha fase previa á obra que se executa.

Igual criterio será aplicado respecto daquelas unidades de obra que garden relación coa dotación de servizos ó solar onde se atope ubicada a instalación respecto das que o concello respectivo adquira os compromisos recollidos no punto c da cláusula sexta do presente convenio.

QUINTA.- Contratación de proxectos e dirección e coordinación de seguridade e saúde das obras

Os proxectos técnicos encargados polos respectivos concellos que interesen a súa adhesión ó presente convenio, serán aboados ó seu cargo ó marxe da achega económica que en virtude da súa adhesión puidera corresponderlles.

Os proxectos ou documentación técnica e as súas especificacións serán remitidas polo concello a Administración contratante que deberá autorizalos e aprobalos antes de proceder á contratación da obra.

Así mesmo, será por conta exclusiva dos concellos interesados a contratación e o financiamento dos servizos relativos á dirección técnica das obras e á coordinación da seguridade e saúde delas.

SEXTA.- Adhesión dos concellos: requisitos e efectos

As partes autorizan a adhesión ó presente Convenio a aqueles concellos nos que, en cumprimento do mesmo, se proxecte a construción ou reparación de instalacións deportivas.

A adhesión ó Convenio, que non comportará modificación de ningunha das súas cláusulas, ten por obxecto posibilita-la colaboración dos concellos adheridos o financiamento das obras chamadas a integrarse no patrimonio municipal.

A adhesión requirirá:

- a. Acordo plenario do concello interesado, facendo constar o desexo de adhesión ó presente Convenio con aceptación plena e sen reserva de todas e cada unha das cláusulas que o integran.
- b. Do acordo municipal de adhesión darase traslado, a medio de certificación, á representación Administrativa contratante.
- c. A Adhesión ó Convenio, comportará para o concello a obriga de colaborar no financiamento das obras nas instalacións deportivas que se

proxectan no seu termo municipal, mediante a contratación da elaboración do proxecto, da dirección técnica e da coordinación de seguridade e saúde da obra e no seu caso no financiamento da obra propiamente dita.

A Comisión poderá eximir ó concello de efectuar achega económica algunha, naqueles casos nos que os investimentos levados a cabo en fases anteriores polo concello puideran xustificar tal proceder, ou ben cando se acredite razoablemente a imposibilidade económica de tal achega.

A adhesión comportará os seguintes compromisos:

a) **LICENZAS MUNICIPAIS:** O concello será responsable de obter as perceptivas licenzas municipais de obras e sufragar, no seu caso, e sen diminución da achega referida no parágrafo anterior, as taxas e o imposto municipal de construcións, instalacións e obras, que a expedición daquelas puideran devengar. Igualmente corresponderá ó concello, baixo idéntico criterio, a obtención das autorizacións ou licenzas sectoriais necesarias para a realización das obras, (estradas, costas, dominio hidráulico, etc.).

b) **APORTACIÓNS ECONÓMICAS.** O acordo de adhesión para que surta efectos, será preciso que sexa adoptado simultaneamente no seu caso co compromiso de achega do importe que lle corresponda ao concello nas obras que se executen no seu termo municipal.
A administración contratante esixirá, cando o estime pertinente, garantía bastante sobre a efectividade da achega comprometida.,

c) **POSTA A DISPOSICIÓN DE TERREOS OU INSTALACIÓNS.** O concello que solicite a súa adhesión, deberá poñer a disposición da Deputación Provincial os terreos precisos para levar a cabo a actuación prevista.

Os terreos, que deberán ser de titularidade municipal, atoparanse libres de cargas, ser aptos urbanísticamente para a execución da obra pretendida e atoparse urbanizados.

Entenderanse urbanizados, aqueles que se atopen dotados, ó pe de parcela, de subministro de enerxía eléctrica, abastecemento de auga, rede de saneamento e acceso rodado.

Os extremos anteriores serán acreditados polo concello respectivo mediante as oportunas certificacións, expedidas polos servizos administrativos correspondentes.

Co obxecto de garantir a idoneidade dos terreos onde se pretenda a implantación dunha obra nova, o concello titular dos mesmos deberá aportar, simultaneamente co acordo de posta a disposición, un estudo xeotécnico e de viabilidade da parcela ofertada coa extensión que demande as características da obra programada. Nel farase necesariamente referencia á posible existencia de tendidos eléctricos, telefónicos ou doutra



índole que puidesen sobrevoa-los terreos e ás conducións subterráneas que puidesen existir.

O estudo xeotécnico de viabilidade deberá ser confeccionado por unha empresa homologada para a realización de tales traballos, e abonarse polo concello ó seu cargo.

d) RÉXIME DE INGRESO DAS APORTACIÓNS ECONÓMICAS.

O importe correspondente será librada e ingresada na súa totalidade na conta corrente que ó efecto se designe, nos cinco días inmediatos seguintes ó de confección da acta de comprobación de replanteo.

e) DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLOS CONCELLOS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS:

Consecuentemente, para a contratación das obras e sen prexuízo de calquera outra documentación que resulte preceptiva en execución deste convenio, o concello remitirá á administración contratante a seguinte documentación:

- Proxecto técnico (2 exemplares -1 CD)
- Acordo de aprobación do proxecto polo órgano municipal competente.
- Acta de replanteo asinada polo alcalde e polo facultativo redactor do proxecto.
- Acordo de posta a disposición dos terreos precisos para levar a cabo a actuación prevista, debidamente urbanizados.
- Compromiso do concello de asumir as indemnizacións a que puideran ter dereito os contratistas das obras no caso de que estas non puidesen ser iniciadas ou continuadas por inadecuación dos terreos postos a disposición da deputación, ausencia ou insuficiencia das autorizacións pertinentes para a súa execución ou incumprimento da achega financeira municipal comprometida.
- Nomeamento do director das obras e do coordinador de seguridade e saúde.
- Certificación de que a actuación prevista é conforme á normativa urbanística e sectorial que resulte de aplicación.
- Certificación de que a actuación dispón de tódalas autorizacións necesarias para a súa execución.
- Estudo xeotécnico de viabilidade.
- Certificación de existencia de crédito bastante para facer fronte á anualidade do exercicio corrente no caso que cofinancien a obra a executar

f) USO DAS INSTALACIÓNS E COMPROMISOS COMPLEMENTARIOS.

O concello en pleno deberá comprometerse a garantir que no uso das instalacións deportivas que resulten construídas, remodeladas, reformadas



ou acondicionadas no marco do presente Convenio serán observadas as seguintes prescricións:

a) Cando a instalación deportiva se atope anexa ou nas proximidades dun centro de ensino público gozará de preferencia absoluta o seu uso pola comunidade escolar para a práctica do deporte e das disciplinas reguladas relacionadas co mesmo, todo elo durante o horario escolar lectivo. O uso comprenderá, en todo caso, o das instalacións hixiénico-sanitarias existentes.

b) Favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia. A Secretaría Xeral para o Deporte, a solicitude dalgunha das partes, actuará de árbitro naquelas ocasións que pola súa relevancia ou interese o demande. No suposto que a xestión sexa encomendada a terceiros as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.

c) Garantir o uso gratuíto das instalacións deportivas referidas cando as mesmas se precisen para posibilita-la celebración de competicións deportivas oficiais e/ou programas deportivos de interese organizadas/os ou promovidas/os pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia ou pola Deputación Provincial de Ourense.

g) **INDEMNIZACIÓNS.**

a) No suposto de que adxudicadas as obras que se pretenden executar no marco do presente Convenio, estas non poidan ser iniciadas ou continuadas por inadecuación dos terreos postos a disposición da Administración contratante, os prexuízos que tal circunstancia puidera xerar á empresa adxudicataria serán indemnizados polo concello responsable.

No caso de que a administración contratante se vexa obrigada a facer fronte ó pago de indemnizacións por tal motivo e concepto procederá a repercutir ó concello ofertante dos terreos os importes aboados.

Igual proceder observase nos casos que a reclamación de indemnizacións ou abono de intereses veñan motivados por atrasos producidos no libramento material e efectivo das achegas económicas comprometidas polo concello.

Dos extremos anteriormente mencionados quedará constancia expresa no acordo plenario municipal no que se solicite a adhesión ó presente Convenio.

SEPTIMA.-Xestión e mantemento das instalacións

O Concello deberá destinar os bens adquiridos ou sobre os que se realicen as obras ao fin concreto para o que se executan por período non inferior a cinco anos, ao tratarse de bens inscribibles nun rexistro público.

A xestión, mantemento e conservación das futuras instalacións deportivas, será responsabilidade exclusiva do respectivo concello, sendo de conta deste a totalidade dos gastos que as mesmas xeren, sen que as partes asinantes do presente convenio posúan responsabilidade algunha respecto delas. Da circunstancia anterior deixárase constancia na acta de recepción das obras. A tal efecto, asistirá ó acto o Sr. Alcalde/sa-Presidente/a interesado/a, previamente facultado/a ó efecto, ou persoa en quen delegue.

O referido acto comportará a incorporación da obra ó patrimonio municipal.

A circunstancia anterior non obviará a responsabilidade que á empresa adxudicataria das obras corresponde na policía e conservación das mesmas ata a conclusión do período de garantía.

O concello asumirá as obrigas ás que se refire o parágrafo primeiro tamén naqueles supostos nos que a instalación deportiva se atope ubicada en terreos titularidade doutra administración pública (IES) é por tanto non se efectúe a incorporación da mesma ó patrimonio municipal.

OCTAVA.- Visita das obras

As partes, resérvanse o dereito a inspecciona-las obras consecuencia do presente convenio, durante a execución das mesmas.

NOVENA.- Concorrencia con outras axudas

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poida acadar a Deputación, sempre que a suma de todas elas non supere o investimento total real.

Antes do primeiro pagamento, a Deputación achegará unha declaración do conxunto de tódalas solicitudes de subvención efectuadas, ou concedidas, para as obras obxecto deste convenio, diante das administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

No momento da xustificación da execución total do proxecto a Deputación presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como das pendentes da resolución, para este proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

DECIMA.- Rexistros públicos de axudas

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, a Deputación consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Así mesmo consinte na publicación do convenio que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

UNDECIMA.- Publicidade das obras

En tódalas obras que se executen no marco do presente Convenio fixarase un cartel informativo da natureza das mesmas con indicación expresa das Administracións Públicas que colaboran no financiamento do plan no que se inclúen.

O tratamento tipográfico identificador das respectivas entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

Ós actos de inauguración ou posta en marcha das instalacións que se financien no marco do presente Convenio, asistirán os representantes oficiais designados polas administracións signatarias, para o que se facilitará, con suficiente antelación, o día e hora de celebración dos mesmos.

En toda a información que se transmita aos medios de comunicación respecto deste convenio e das obras que conforme ao mesmo se levan a cabo farase indicación expresa das Administracións Públicas que colaboran no financiamento deste plan.

DUODÉCIMA.- Vixencia do Convenio

A vixencia do presente Convenio estenderase, ata o 31 de decembro do ano 2018, salvo previa denuncia de calquera das partes.

A denuncia, requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, surtirá efectos ós noventa días da súa presentación diante da comisión á que se refire a base anterior.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste Convenio será causa bastante para á súa denuncia.

Caso de incumprimento das obrigas contraídas no marco do presente, sexa por parte das administracións signatarias ou das adheridas, o seu cumprimento fiel e puntual poderá ser demandado diante da xurisdicción contencioso-administrativa.

DECIMO-TERCEIRA.- Comisión de seguimento e interpretación

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio, a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha Comisión integrada polos seguintes representantes das partes:

- Dous representantes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- Dous representantes da Deputación Provincial de Ourense.

DECIMO-CUARTA.- Lexislación de aplicación, natureza do convenio e xurisdición competente

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e demais normativa que sexa de aplicación.

Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, asínase o presente Convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data ó comezo indicados.

Deputación Provincial de Ourense

Secretaria Xeral para o Deporte

.....

Marta Míguez Telle

Anexo I.- Obras a realizar no marco do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A XUNTA DE GALICIA, SECRETARÍA XERAL DO DEPORTE, PARA A REALIZACIÓN DE INSTALACIÓNS E ESPAZOS DEPORTIVOS

CONCELLO	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
Barco de Valdeorras	Pista polideportiva en Vilanova	137.000,00€
Cortegada	Campo de fútbol	250.000,00€
Barco de Valdeorras	Pista de padel	40.000,00€
Melón	Reparacións varias en instalación municipal	20.000,00€
A Veiga	Instalación de fútbol-praia e volei-praia na praia fluvial de Os Franceses	100.000,00€
Castrelo de Val	Construción instalación deportiva	37.000,00€
A Bola	Melloras de accesibilidade no campo de fútbol	50.000,00€
Cenlle	Acondicionamento no campo de fútbol e edificacións anexas	32.987,02€
Muiños	Arranxos en instalacións deportivas por desperfectos do temporal	60.000,00€
A Pobra de Tives	Pista polideportiva	24.000,00€
Castrelo de Miño	Pista competición	21.671,55€
Celanova	Reparación patoloxías campo de fútbol.	35.000,00€
Pereiro de Aguiar	Campo de fútbol	220.000,00€
TOTAL		1.027.658,57 €

Deputación Provincial de Ourense

Secretaria Xeral para o Deporte

.....

Marta Míguez Telle